

Área: Competicións

Circular nº 05 - Temp. 23/24

SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO E DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DA TEMPADA 23/24

A nova póliza do seguro deportivo para a tempada 23/24 terá coma data de efecto o **20/07/2023**. Para a tramitación da licenza da tempada 2023/24 deberase ter solicitado e pagado o seguro correspondente á nova póliza.

Informar que a compañía será Liberty, cumprindo coas coberturas indicadas polo Real Decreto, ademais, a tramitación dos sinistros será a través da aplicación de Itegra mellorando os protocolos de comunicación, os tempos de asistencia e o control da sinistralidade.

IMPORTANTE: Dende a Federación Galega de Balonmán rogamos que se faga un uso responsable do Seguro Deportivo Obrigatorio: non acudindo por urxencias en casos que non requiran este servizo, asistindo aos centros concertados na medida do posible e comunicando os accidentes única e exclusivamente nos casos de competición ou adestramentos que contén co visto bo da Federación Galega de Balonmán. O mal uso do seguro provoca unha sinistralidade elevada e un incremento na prima de renovación da póliza.

Na tempada 23-24, a Federación Galega de Balonmán realizará unha xornada formativa para oficiais e clubs, antes do inicio da tempada, de xeito que todo/as adquiran os coñecementos básicos para poder realizar un bo uso da póliza.

Na asemblea ordinaria do 17 de xuño de 2023 analizáronse os datos e informouse de que o incremento da prima sería dun mínimo do 20% debido á elevada sinistralidade da tempada 22-23, tras o remate da negociación coa compañía e o estudo da sinistralidade por categorías, a federación comunica que os importes de cada unha das categorías tanto no referente á mutualidade coma aos dereitos de participación son os seguintes:

SEGURO DEPORTIVO

CATEGORÍA	PRIMA SEGURO TEMPADA 23-24
DIV.HONRA MASCULINA (ASOBAL)	363,89€
DIV.HONRA FEMININA	326,7€
DIV. PRATA MASCULINA	326,04€
DIV. PRATA FEMININA	248,16€
1ª DIV. NACIONAL MASCULINA	287,00€
SENIOR MASCULINO / FEMININO	221,36€
XUVENIL MASCULINA/ FEMININA	147,84€
OFICIAIS, TÉCNICOS, ÁRBITROS	112,28€
ANOTADORES/AS, CRONOMETRADORES/AS	93,00€

DEREITOS DE PARTICIPACIÓN

1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	538 €
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	538 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	336 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	336 €
3ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	250 €
XUVENIL (Masc. e Fem.)	112 €
CADETE (Masc. e Fem.)	72 €
INFANTIL (Masc. e Fem.)	54 €
ALEVÍN 7	36 €
ALEVÍN 5	24 €
BENXAMÍN	24 €
RESTO CATEGORÍAS	Gratuitas

En Vigo a 13 de xullo de 2023.

